

PROPOSTA DE ACORDO DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES

Xurxo Charlín Trigo, con DNI 76.862.042-K, concelleiro do Ilmo. Concello de Cambados, en base ao disposto nos artigos 91.4 e 97.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das entidades locais e demais normativa que poida resultar de aplicación, presenta, diante do Pleno da Corporación este ACORDO DE GOBERNO, en base á seguinte

Exposición de motivos:

Non imos redundar na devastadora crise que padece o sector primario: produtores de uva para viño albariño, de leite, hortícola... centos de pequenos produtores e explotacións, que producen e sustentan milleiros de postos de traballo, ao borde do abismo e até en moitos casos adquirindo novas débedas que terán devastadoras consecuencias xa non só económicas senón tamén sociais.

O fin das cotas no sector lácteo; a estafa dos fondos europeos, pois só 60 familias de terratenentes recibiron 250 millóns de euros da PAC dende 2008 no Estado español (importe moi superior ao orzamento dos últimos 31 anos do noso concello, que se di pronto); ou o denominado como "catastrazo" supuxeron unha nova volta de porca.

Unha crise total que non é só conxuntural nin pasaxeira como nos queren facer crer senón tamén de modelo. De persistir na inacción por parte dos poderes públicos as consecuencias sociais, ambientais e económicas van ser terríbeis e van marcar o devalar das próximas décadas, alén de supor a liquidación definitiva do sector produtivo primario galego fundamentado en explotacións familiares social e ambientalmente integradas no territorio.

A comarca do Salnés depende en boa medida do sector primario, pois aínda sendo xa maioritario o sector servizos, este mantense en boa medida por mor adquisicións do sector primario e o mesmo boa parte da industria local.

Dende a Concellaría de Facenda do Concello de Cambados levamos insistindo en arbitrar medidas audaces dende o eido local para axudar, dentro das posibilidades da facenda local, a defender os nosos sectores produtivos. Conseguimos impulsar distintas ordenanzas en consenso cos distintos sectores, Mercados Ambulantes, Fúranchos e Loureiros, Terrazas... Así como impulsar un viveiro de empresas no concello de Cambados ou as distintas bonificacións aprobadas en Pleno para distintos tributos.

A revisión catastral estase desenvolvendo en Galicia dende o ano 2013, en aplicación da resolución da Dirección Xeral de Catastro do 10 de setembro de 2013, pola que se determinan municipios e períodos de aplicación do procedemento de regulación catastral. En parte dos concellos galegos xa se realizou e noutros está en marcha, estando prevista a incorporación de todos os restantes ata finais do 2016 ou comezos 2017, de ser prorrogado o prazo. En Pontevedra, por exemplo, dos 62 municipios da provincia, a revisión xa afectou a 12 e hai outros 18 en proceso, atopándose Cambados pendente de aplicar esta regularización.

A consecuencia disto, as instalacións agrarias inclúense no Imposto de Bens e Inmoables, co cal pasarán a pagar a cota correspondente.

Dende o Concello de Cambados, e acolléndose á normativa que permite as bonificacións potestativas, insta ao pleno a establecer o máximo permitido de bonificación da cota íntegra do IBI, (95%), para os bens inmoables nos cales se desenvolvan actividades do sector primario. Medidas que xa se adoptaron en concellos da provincia de Pontevedra como son Lalín e Silleda para aplicar bonificacións do 95% a invernadoiros, granxas, pallares...

Nese sentido, no BOE do 28 de decembro do ano 2012, en que se publicou a Lei 16/2012 do 27 de decembro, pola que se adoptan diversas medidas tributarias dirixidas á consolidación das finanzas públicas e ao impulso da actividade económica. Naquel entón, texto que recibiu o apelativo coloquial de "Lei Adelson". Non é para menos, xa que o mesmo contén algunhas das medidas solicitadas polo magnate para a instalación do proxecto en España de "Eurovegas". En concreto, e á marxe dalgúñas modificacións ao marco fiscal do xogo, neste texto introdúcese no artigo 14, apartados 4 e 5, senllas bonificacións potestativas de ata o 95% na cota tributaria de dúas figuras fundamentais da Facenda local: o Imposto sobre Bens Inmóveis (IBI) e o Imposto sobre Actividades Económicas (IAE).

Obviamente garantiuse o principio de xeneralidade seguindo o modelo xa previsto para o Imposto sobre Construcións Instalacións e Obras (ICIO), esixindo que o pleno aprobase con carácter previo unha declaración de especial interese ou utilidade municipal. Non entanto, parece claro que estas bonificacións naceron para impulsar un proxecto que, non o esquezamos, esfumouse. A configuración á carta do marco xurídico ten estes riscos.

O argumento esgrimido polo lexislador no Preámbulo era que estas bonificacións fomentan a autonomía local dos municipios para estimular actividades de especial interese ou utilidade para os mesmos. Non nos cabe dúbida de que o errado proxecto de "Eurovegas" encaixaba perfectamente nesta "idea" de actividades de especial interese (vía fomento do emprego) para o municipio en que se emprazaría (Alcorcón).

Así no caso do IBI, a bonificación plasmada no art. 74.2 quáter Lei de Facendas Locais recae sobre os inmóveis en que se desenvolvan as actividades económicas declaradas de especial interese ou utilidade pública para o municipio:

"Os concellos mediante ordenanza poderán regular unha bonificación de ata o 95 por cento da cota íntegra do imposto a favor de inmóveis nos que se desenvolvan actividades económicas que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico artísticas ou de fomento do emprego que xustifiquen tal declaración. Corresponderá dita declaración ao Pleno da Corporación e acordarase, previa solicitude do suxeito pasivo, por voto favorable da maioría simple dos seus membros.

No goberno do Concello de Cambados entendemos que a aprobación desta medida fiscal, inda que desenrolada e entendida para a promoción da construción dun casino nun municipio da comunidade de Madrid mediante a creación de incentivos fiscais a carta, debe ser aplicada neste concello para tentar minimizar o máximo que sexa posible os prexuízos fiscais que poida causar a revisión posta en marcha en Galicia pola Dirección Xeral do Catastro en setembro de 2013, e que obriga ó pago da contribución rústica por granxas, estabulacións, naves, galpóns, ou invernadoiros, que ata o de agora estaban exentos do pago, xa que so tributaban as fincas.

Esta medida posta en marcha a través da resolución da Dirección Xeral do Catastro, que marca como prazo ata o ano 2016 para levar a cabo a actualización pola cal se teñen que catastrar todas as fincas do rural, así como dar de alta bens como instalacións rústicas, que son catalogadas como almacéns ou vivendas. É que vai a afectar aos veciños e veciñas de Cambados unha vez que se faga a revisión catastral non pode ser evitada na súa totalidade por esta corporación, pero si facela menos lesiva para os veciños e veciñas de Cambados, utilizando esta medida dentro da autonomía local dos municipios para estimular actividades de especial interese ou utilidade para os mesmos.

En conclusión, instamos á Corporación do concello de Cambados a adoptar o seguinte **acordo:**

PRIMEIRO.- Declarar como actividade económica de especial interese ou utilidade municipal o sector primario por concorreren circunstancias sociais, culturais e de

fomento do emprego que así o xustifican. O sector primario (viticultura, sector lácteo, cárnico, horticultura...) é o sustento dos restantes sectores e motor económico principal xa non só do noso concello de Cambados, senón a nivel da comarca do Salnés.

SEGUNDO.- Aprobar a modificación da Ordenanza fiscal reguladora do Imposto sobre Bens Inmóbles para o concello de Cambados, engadindo a seguinte Bonificación no artigo 9 da mesma (apartado 5):

"5.- Concederáse unha bonificación do 95 por cento da cota íntegra do imposto a favor de inmobles de natureza rústica nos que se desenvolvan actividades económicas do sector primario (viticultura, sector lácteo, cárnico, horticultura...) que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico artísticas ou de fomento do emprego que xustifiquen tal declaración. Corresponderá dita declaración ao Pleno da Corporación e acordarase, previa solicitude do suxeito pasivo, por voto favorable da maioría simple dos seus membros.

Os suxeitos pasivos que ostenten a condición de titulares de inmobles de natureza rústica nos que se desenvolvan actividades económicas do sector primario e que soliciten a concesión desta bonificación terán que acreditar algunha das seguintes circunstancias: estar dados de alta en facenda nunha actividade económica do sector primario mediante declaración censal; ser socios dunha cooperativa agrícola, vitivinícola ou gandeira; ser viticultores pertencentes a denominación de orixe Rías Baixas."

TERCEIRO.- Dar ao expediente a tramitación e publicidade preceptiva, mediante exposición do mesmo no taboleiro de anuncios deste Concello por prazo de trinta días hábiles, publicando o anuncio de exposición no Boletín Oficial da Provincia e nun diario dos de maior difusión da provincia. Durante o prazo de exposición pública do expediente os interesados poderán examinalo e expor as reclamacións que estimen oportunas.

CUARTO.- Considerar, no caso de que non se presentasen reclamacións ao expediente, no prazo anteriormente indicado, que o Acordo é definitivo, en base ao artigo 17.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Cambados, 21 de maio de 2016.

Xurxo Charlín Trigo, Concelleiro de Economía, Facenda, Industria, Promoción Económica e Comercio.


